



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. CARLOS CASARES
CURSO: 5º
MATERIA: INGLÉS
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS		
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebración),	Escoita e le un conto Escoita e comprende as rutinas de inicio e de fin dunha actividade.	CCL, CSC
Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua Standard	Comprende textos orais de carácter diverso e é capaz de extraer información global e algúns datos específicos	CCL, CMCT, CSC, CCEC
Distinguir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento)	Escoita e repite unha conversación comprando entradas para visitar un edificio, preguntando un prezo...	CCL, CCEC, CSC, SIE
BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN		
Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que se produzan tateos, vacilacións, repeticións ou pausas para reorganizar o discurso	Intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, exprésanse sentimentos, ofrécese algo a alguén, pídesse prestado algo, saúda etc.	CCL, CMCT, CSC, SIE
Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	Identifica o léxico traballado contextualizado nunha situación habitual	CCL, CMCT, CSC, SIE
Manexar estruturas sintácticas básicas aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático	Xoga a <i>The memory game</i> , practicando as a entonación nas preguntas, exclamacións cando gana ou perde, e a orde dos elementos na frase.	CCL, CSC, SIE
BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS		
Identificar o tema e o sentido xeral, en textos moi breves e sinxelos, nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares.	Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas, así como dun conto.	CCL, CMCT, CSC, CCEC
Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).	Contesta a preguntas sobre un conto, ou un texto sinxelo	CCL, CMCT, CSC, SIE
BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN		
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	Constrúe textos narrativos sinxelos reproducindo estruturas e/ou andamiaxe previamente traballados.	CCL, CMCT, CSC, CCEC
Construír textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu ámbito máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Escribe, baseándose nun modelo, textos breves sobre temas traballados previamente. Completa as actividades con corrección ortográfica	CCL, SIE, CAA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo profesor.	Escribe correspondencia persoal simple en soporte dixital falando de si mesmo ou temas coñecidos e fai actividades en liña.	CCL CAA CCD
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL		
Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	CCS
Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	CCL
Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).	Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.	CCL CAA



2. Avaliación e cualificación

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Existe un seguemento sistemático do grao de cumprimento das tarefas encomendadas e un feed-back das mesmas. Ao igual que no período lectivo presencial non ten porqué facerse todas as tarefas, nin todos os días, aínda que sí é recomendable, polo que se ofrecen gran diversidade de actividades.</p> <p>Tamén se proporciona a través de enlaces de internet, un tipo de actividades en liña que permiten a autoavaliación.</p> <p>Abógase á responsabilidade, á participación e á autonomía do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida, corrección e valoración de composicións escritas. - Recollida e corrección de exercicios de Gramática. - Recollida e valoración de traballos de carácter interdisciplinar. <p>As tarefas semanais ou quincenais son publicadas a través da plataforma Edmodo . As resolucións, correccións ou aclaracións que haxa que facer fanse tamén por esta plataforma ou mediante Abalar.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>O alumnado que teña superado positivamente a primeira e segunda avaliacións ou simplemente a segunda, por ser avaliación continua, ten aprobada a materia. A súa cualificación será unha media das dúas notas que poderá verse mellorada ata en 1 punto coas actividades do terceiro trimestre.</p> <p>Para avaliar estas actividades valoraranse os exercicios entregados telematicamente. Terase en conta o número de exercicios realizados, a súa cualidade e a puntualidade na entrega.</p> <p>En todo caso, estas actividades deben mostrar un aproveitamento positivo por parte do alumnado.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso propóráselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Estas tarefas estarán baseadas nos contidos, estándares de aprendizaxe e competencias mínimas seleccionadas - Terán carácter semanal ou no seu caso quincenal, para non sobrecargar o alumnado. O seu prazo pechado de entrega debe ser respectado. -Serán publicadas pola profesora a través do medio habitual de contacto: Edmodo ou correo electrónico vía titores ou membros do D.O e enviadas do mesmo xeito polo alumnado. <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Para avaliar as actividades valoraranse os exercicios entregados telematicamente. Terase en conta tanto os exercicios realizados como a súa cualidade e a puntualidade na entrega.</p> <p>Prestarase especial atención aos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Responde a todas as cuestión correctamente, con creatividade e co vocabulario preciso. Extrae información dun texto para resolver as actividades Identifica a mensaxe expresada nunha canción, receita etc Busca estratexias para resolver correctamente as actividades



En todo caso, estas actividades deben mostrar un aproveitamento positivo da materia por parte do alumnado, quen debe cumprir cos criterios mínimos esixidos.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

O alumnado coa materia non superada terá que realizar todas as actividades propostas e existirá un seguimento sistemático do seu grao de cumprimento así como, da súa corrección e un feed-back das mesmas. Para iso efectuarase:

- Recollida, corrección e valoración de composicións breves escritas.
- Recollida e corrección de exercicios de gramática e vocabulario.
- Recollida e valoración de actividades de carácter interdisciplinar.

Estas tarefas semanais ou quincenais recibiranse a través de Edmodo, de email ou ben do Concello. As resolucións, correccións ou aclaracións que teña que facer a profesora son reenviadas tamén por estes medios

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As tarefas serán específicas de repaso , recuperación e reforzo de contidos mínimos traballados nos trimestres anteriores que axuden ao alumno a afianzar o aprendido e progresar na súa formación .</p> <p>Proporanse, na medida do posible, actividades que engloben os 5 bloques:</p> <ul style="list-style-type: none"> - unha lectura con preguntas de comprensión. - Elaboración dun texto escrito breve. - Exercicios de gramática e exercicios de vocabulario. - Audición ou vídeo (con preguntas de comprensión) - Actividades interactivas online.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Mentres dure a situación de suspensión das clases utilizarase preferentemente para a comunicación das tarefas ao alumnado as canles telemáticas de: plataforma Edmodo, a mensaxería instantánea a través de Abalar e a coordinación cos titores.</p> <p>As tarefas propostas serán enviadas semanalmente cada luns , tendo esa semana para realizalas e devolvelas pola plataforma, ou nalgúns casos 15 días.</p> <p>Aplícase un criterio de proporcionalidade nas tarefas propostas atendendo á carga horaria semanal da materia. O horario semanal de clases por materia é de tres horas ; boa referencia a ter en consideración para acometelas.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade, o envío realizarase quincenalmente por mail a través dos correos electrónicos facilitados polo DO, ben sexa dos titores ou membros do citado departamento que se encargan de envalos ao Concello para que llos fagan chegar.</p>



Materiais e recursos	Dicionarios online. Páxinas web relacionadas con determinados contidos. Vídeos sobre diversos temas. Cancións Recetas Audios e vídeos sobre determinados temas gravados polo auxiliar de conversa
-----------------------------	--

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través da plataforma Edmodo e de Abalar con mensaxería instantánea.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.